



Programas de Mobilidade de estudantes ERASMUS+ 2026-27

Información orientativa sobre a convocatoria oficial para estudantes de Grao, simultaneidade de Estudos (dobre grao) e Máster+60 da USC



OFICINA DE MOBILIDADE
Pavillón Estudiantil- 1º Andar - Campus Sur - Santiago
Edificio Intercentros - Lugo
<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional>



Erasmus+



Cofinanciado por
la Unión Europea

Requisitos Básicos de Participación

Matrícula Activa

Estar matriculado/a na USC en estudos oficiais ata o final da mobilidade.

Competencia Lingüística

Acreditar antes do 22 de decembro o coñecemento da lingua de uso na universidade de acollida.

Solicitud Completa

Completar a solicitude en prazo e forma segundo a convocatoria. O prazo remata o 22 decembro 2025

Créditos Superados

Ter un 15% de créditos da titulación superados a 31/10/2025.

Duración total Erasmus+

Para repetición de intercambio, respectar a duración máxima E+ , cun límite de 12 meses (ou 24 en Medicina, Odontoloxía, Farmacia e Veterinaria) en total

Varios programas

- Só pode aceptarse unha praza de mobilidade para outro programa do mesmo curso se son para semestres distintos.
- noutro caso, a aceptación dunha praza conleva a renuncia da outra.
- No caso do E+ Prácticas, poden realizarse no mesmo curso consecutivamente, non simultaneamente

Exclusión

- Estudiantado seleccionado en convocatorias anteriores que non presentase en forma ou prazo a renuncia á praza, agás razóns xustificadas
- Estudiantado internacional matriculado na USC como visitante ou en virtude doutros convenios ou programas de mobilidade



Erasmus+



Cofinanciado por
la Unión Europea

Bolsas da Unión Europea

Tres grupos de países con importes diferenciados segundo o custo de vida. Datos orientativos dos últimos anos.

GRUPO DE PAÍSES DE DESTINO	Axuda ordinaria	Axuda para estudantado con menos oportunidades (250€/mes)
GRUPO 1: Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Baixos, Reino Unido, Suecia, Suiza	350 €/mes	600 €/mes
GRUPO 2: Chequia, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Grecia, Letonia, Malta, Portugal.	300 €/mes	550 €/mes
GRUPO 3: Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, Romanía, Serbia, Turquía.	250 €/mes	500 €/mes

❖ Axudas para contribuír a sufragar gastos derivados da mobilidade, non para cubrir a totalidade dos custos.

❖ Ingreso nun único pago inicial ou en dous (80% ao inicio e 20% ao final, segundo as condicións do Programa E+ á USC

A distancia calcúlase empregando a calculadora de distancias da UE

<https://erasmus-plus.ec.europa.eu/es/resources-and-tools/distance-calculator>

Distancia	Viaxe estándar (por participante)	Viaxe ecolóxica (tren, bus)
Entre 10 e 99 km:	28 €	56 €
Entre 100 e 499 km:	211 €	285 €
Entre 500 e 1.999 km:	309 €	417 €
Entre 2 000 e 2.999 km:	395 €	535 €
Entre 3 000 e 3.999 km:	580 €	785 €
Entre 4 000 e 7.999 km:	1.188 €	1.188 €
8.000 km ou máis:	1.735 €	1.735 €



Erasmus+



Cofinanciado por la Unión Europea

Axuda por menos oportunidades e axuda á inclusión

Estudantado con menos oportunidades

As axudas poden incrementarse en 250 €/mes se existe consideración de encontrarse nunha situación de menores oportunidades:

- Bolseiro/a do MEC no curso 25-26 ou no curso 26-27.
- Familias numerosas ou monoparentais.
- Percibir a unidade familiar un ingreso mínimo vital.
- Discapacidade do 33% ou superior acreditada.
- Refuxiados e persoas en situación de vulnerabilidade.

Axuda á inclusión

Se se require de asistencia específica por discapacidade (acompañamento, medios específicos de accesibilidade...) pode solicitarse a través da USC ao Programa E+



Erasmus+





A USC só tramita directamente as axudas Erasmus+, para as outras ofrece a información sobre a publicación da convocatoria destas bolsas, pero é responsabilidade do estudantado solicitalas.



É necesario contar cun certificado dixital ou DNI electrónico para a solicitude da Xunta e a tramitación de documentación da USC

Outras Axudas Dispoñibles

Bolsa da Xunta de Galicia

Requisitos: Estudantes de Grao. Excluídas persoas que vaian a Reino Unido ou Suíza

Convocatoria: Xaneiro-febreiro do curso en que se realiza a mobilidade

Duración: De 3 a 9 meses

Importes 2024-25:

- Grupo 1: 195 €/mes
- Grupo 2: 165 €/mes
- Grupo 3: 125 €/mes

Pago ao regreso, en verán.

Axudas Banco Santander

Para o curso 25-26:

- 2 bolsas de 1.000 € (mellor expediente e discapacidade)
- 28 bolsas de 1.000 € (mellores expedientes)

Prazo: Ata o 16 marzo 2026

Bolsa do MECD

Podes solicitar a bolsa do MECD igual que se fixeses o curso en España. Tes dereito ás mesmas bolsas.

Axudas Mobilidade Suíza - Movetia

As cuantías serán informadas polas universidades de orixe e o estudantado poderá optar polas axudas Erasmus+ ou polas do Programa Suízo de Mobilidade Europea (SEMP) xestionado pola Axencia gubernamental Movetia



Erasmus+



Cofinanciado por la Unión Europea

Benvida/o á secretaría virtual da USC

Admisión

Grao (traslados)
 Máster
 Máster profesorado
 Doutoramento
 Cursos Complementarios
 Estudos propios
 Convocatoria anticipada máster
 Convocatoria anticipada doutoramento
 Documentación admisión
 Probas de aptitude de Odontoloxía

Matrícula

Matrícula
 Modificación matrícula
 Documentación matrícula
 TFG/TFM
 Solicitude de convocatoria
 Fin Carreira
 Liquidacións
 Liquidacións Centro Adscrito (Relacións Laborais)

Bolsas e axudas

Documentación pendente de bolsas
 Exencións funcionarios

Expedientes

Consulta expediente
 Consulta expediente doutoramento RD 99/2011
 Consulta expediente estudos propios
 Solicitude certificados
 Solicitude títulos
 Solicitude defensa de tese
 Intercambio
 Renuncia convocatoria
 Elección Docencia en Inglés
 Solicitude cambio grupo (só Dereito, Políticas e RR.LL)

Proceso de Solicitud

Secretaría Virtual



Accede á secretaría virtual do estudante e selecciona a convocatoria Erasmus 2026/27

Comprobar datos



Comprobar que os teus datos sexan correctos, especialmente que o CORREO ELECTRÓNICO sexa o que empregas habitualmente.

Indicar Plan de estudos



Acreditación de linguas



Carga títulos das linguas que queiras acreditar escaneados (PDF, JPG, máx. 1 MB) ou indica exención se corresponde. Ao finalizar coa carga de todos as linguas que se desexen > Finalizar

Conta Bancaria



Indica o número IBAN da conta onde recibir a bolsa (debes ser titular).

Finalizar




Non esquezas premer en “finalizar” e gardar o xustificante. Prazo: Ata o 22 de decembro 2025.



A aplicación non permite gardar e continuar despois. Reúne todos os documentos antes de comezar.

Os destinos escóllense en xaneiro en cada facultade



Acreditación de Idiomas

Certificados aceptados na convocatoria

Consulta a listaxe completa de certificados aceptados no anexo II da convocatoria. Mínimo: nivel B1 na lingua de uso na universidade de acollida.

Tamén podes acreditar mediante a proba B1-A do CLM matriculada e superada antes do peche de solicitudes. Consulta as datas das probas na túa Secretaría Virtual



Exencións

- **Nacionalidade:** Nacionais de países coa lingua oficial esixida (presentar pasaporte/DNI)
- **Resolución Reitoral do 02-03-2023:** Estudantes eximidos polo recoñecemento de niveis de idioma
- **Filoloxía:** 12 créditos en materias de lingua instrumental 



Requisitos específicos nos destinos

Certas universidades poden esixir: ☐ niveis superiores ao B1
☐ títulos específicos
☐ caducidade menor a dous anos.

Consulta os requisitos específicos nas [webs das universidades de destino](#)

IMPORTANTE: Consultar os requisitos lingüísticos para os visados, se procede (p.ex.: Reino Unido)




Erasmus+



Cofinanciado por
la Unión Europea



Selección e Asignación de Destinos



Importante: Infórmate sobre a oferta académica, requisitos de idioma e títulos das universidades de destino antes da reunión de asignación.



Destinos

- ☐ Convenios entre facultades (e mestrados), especificando áreas de estudo
- ☐ Listaxe dispoñible no Anexo I da convocatoria
- ☐ Non se pode optar a destinos doutra facultade ou escola que non sexa a propia (nin doutro mestrado)

☐ O idioma ou requisitos son sempre os mínimos esixidos pola USC, pero certas universidades poden esixir niveis ou requisitos adicionais. É necesario consultar sempre a web das universidades do teu interese.

Obrigas do estudantado

- 1 Aceptar ou rexeitar a praza
Na forma e prazos indicados na convocatoria
- 2 Contactar co/a coordinador/a académico/a
Para asesorarse sobre as materias do acordo de estudos
- 3 Formalizar o acordo de estudos
En liña a través da plataforma OLA (<https://learning-agreement.eu>). Será definitivo e vinculante cando estea asinado por todas as partes
- 4 Inscripción no destino
Realizar a inscrición e os diferentes trámites administrativos nas universidade de destino segundo os seus prazos. Non hai que pagar a matrícula en destino, agás determinadas taxas administrativas que estas poidan solicitar.
- 5 Matrícula na USC
Matricularse na USC nos prazos ordinarios de matrícula polo total de ECTS do acordo de estudos, e pagar as taxas académicas correspondentes ademáis dun Seguro de Viaxes e Accidentes obrigatorio (aprox. 21€)
- 6 Realizar os estudos
Completar a mobilidade e regresar cunha cualificación, sexa aprobado ou suspenso, para un mínimo do 60% dos créditos incluídos no acordo de estudos
- 7 Entregar toda a documentación solicitada pola USC
Proporcionar á Oficina de Mobilidade toda a documentación solicitada na convocatoria nos prazos estipulados



Erasmus+



Acordo de Estudos en liña (OLA)

O Acordo de estudos e o seu recoñecemento ao final da estadia son a base da mobilidade.

- ❑ Formalizar un acordo de estudos en liña a través da plataforma OLA <https://learning-agreement.eu>
- ❑ Facilitarase ao estudantado seleccionado no seu debido momento un manual coas instrucións de como cubrir o acordo de estudos en liña
- ❑ O acordo de estudos en liña será definitivo e vinculante cando estea asinado pola/o estudante, pola USC e pola universidade de destino e sempre que se cumpran os requisitos establecidos para o programa de intercambio, o plan de estudos da titulación da/o estudante e as normas de matrícula e permanencia da USC
- ❑ Unha vez asinado por tódalas partes, non poderá modificarse ata o comezo do curso. Prazo para facer Cambios no OLA- 1 mes dende o inicio de cada semestre.

REQUISITOS DE CRÉDITOS NA USC (MÍN. E MÁX.):

DURACIÓN	Nº ordinario de ECTS	MÍN. e MÁX. excepcionalmente	Máx. DOBRES GRAOS excepcionalmente
1 semestre	30	Mín.: 20 / Máx.: 36	45 ECTS
Curso completo	60	Mín.: 40 / Máx.: 75	90 ECTS

- ❑ Pódese incluír o seguinte número de materias suspensas: se a/o estudante cursa terceiro curso no ano de mobilidade: dúas suspensas; se cursa cuarto: tres suspensas, independentemente do número de anos en que se tivese matriculado previamente.



Erasmus+



Cofinanciado por la Unión Europea

Outras consideracións do Acordo

- ❑ Créditos Optativos Cursados en Réxime de Intercambio: Poderase cursar na universidade de destino materias que non teñan unha equivalencia concreta na USC. Nestes casos, o estudantado matricularase na USC de “créditos optativos cursados en réxime de intercambio” polo mesmo número de créditos que a materia de destino.
- ❑ O período de intercambio poderá incluír unha formación práctica e traballos academicamente dirixidos ou similares, se estes traballos figuran no plan de estudos. Os traballos de fin de grao (TFG) e traballos de fin de máster (TFM) poderán prepararse e defenderse ben na USC ben na universidade de destino, segundo quede establecido pola regulamentación xeral de traballos de fin de grao e de fin de máster da USC
- ❑ Os CAMBIOS AO ACORDO DE ESTUDOS xestionaranse unha vez comezado o curso na universidade de acollida (no prazo dun mes dende o comezo de cada semestre)
- ❑ Non serán recoñecidos estudos ou actividades realizados que non figuren no acordo de estudos, nin aqueles dos que a/o estudante non se matriculase previamente, sen prexuízo da posibilidade da súa constancia no suplemento europeo ao título (SET)

Proceso do Intercambio Erasmus+



Outras opcións de Mobilidade

- [Mobilidade por convenios bilaterais](#) > Países de fóra de Europa (xaneiro) 
- [Mobilidade SICUE](#) > Universidades españolas (febreiro) 
- [Erasmus+ Prácticas](#) > Posibilidade de realizar prácticas en empresas europeas entre 2 e 6 meses (xaneiro e varias convocatorias ao ano) 
- [BIP Erasmus+](#) (*Blended Intensive Programmes*) > Cursos de curta duración (1 semana) en universidades europeas. Convocatorias específicas para cada curso que se publican no Taboleiro e na web da OM e infórmase aos Centros. 
- [EUniWell](#): Alianza Europea de Universidades > Cursos curtos presenciais ou virtuais na Alianza á que pertence a USC (algúns deles en formato BIP). Atentos/as á web da Alianza; os BIP publicados no Taboleiro e infórmase nos Centros. 

Contactos

Contactos Centro

Contactos Oficina de Movilidad

- Erasmus: erasmus@usc.gal
- Campus Lugo: international.lugo@usc.gal
- Convenio Bilateral: bilateral.exchange@usc.gal
- SICUE: sicue@usc.gal
- Erasmus Prácticas: erasmus.practicas@usc.gal

Toda a documentación da convocatoria:

<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/mobilidade-estudantes/erasmus-saintes/convocatoria-erasmus-2026-27>



Erasmus+



Cofinanciado por
la Unión Europea

